

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019566	IES de Chapela	Redondela	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Proxecto competencial	2º ESO	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	7
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	7
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	7
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	8
6. Medidas de atención á diversidade	8
7.1. Concreción dos elementos transversais	9
7.2. Actividades complementarias	9
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	10
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	10
9. Outros apartados	11

## 1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 2º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. e que se pode configurar neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu contorno.

Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica nun IES situado en Chapela, concello de Redondela, bisbarra de Vigo. A súa peculiar localización xeográfica fai depender económica e socialmente da cidade viguesa, converteándose case nun barrio desta urbe. O seu contexto socioeconómico é medio baixo algo que incide directamente nas expectativas académicas e profesionais do alumnado e das súas familias. En canto ao perfil sociolingüístico trátase dunha contorna castelán falante o que converte en prioritario levar adiante proxecto coma o presente que contribúe co obxectivo da normalización lingüística.

Os grupos de 2º ESO que cursarán esta materia son tres:

2º ESO A, composto por 22 alumnos e alumnas con idades comprendidas ao inicio do curso entre os 12 e os 14 anos.

2º ESO B, composto por 22 alumnos e alumnas con idades comprendidas ao inicio do curso entre os 12 e os 14 anos, entre os que se atopa o seguinte alumnado con necesidades específicas de apoio educativo: 2 persoas diagnosticadas con TEA, 1 persoa diagnosticada con TDAH e 1 persoa con dislexia.

2º ESO C, composto por 14 alumnos e alumnas con idades comprendidas ao inicio do curso entre os 12 e os 14 anos, entre os que se atopa o seguinte alumnado con necesidades específicas de apoio educativo: 2 persoas diagnosticadas con dislexia, 1 persoa con TDA e outra con TDAH+TEA.

Todos estes aspectos serán tidos en conta a nivel metodolóxico.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Diseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Luces	Nesta unidade o alumnado achegarase á realidade do cine e das curtametraxes como medio de comunicación e expresión artística en xeral e na nosa contorna en particular. O alumnado elaborará un plan de traballo secuenciando as diferentes fases do proxecto ao longo do curso.	15	5	X		
2	Cámaras	O alumnado encargárase nesta unidade da elaboración dun guión dunha curtametraxe, onde recollerá texto, música, efectos sonoros, tipo de planos, ángulos, movemento de cámara... Tras un proceso de aprendizaxe de interpretación, ensaios, e manexo da cámara, gravaranse as curtametraxes co apoio técnico requirido (microfonía, cámaras, trípodes..), para logo pasar á fase de edición e montaxe de audios e vídeos.	50	20	X	X	
3	Acción!	Esta unidade comezará coa promoción e publicidade do proxecto: preview, emisoras, televisión, redes sociais... para proceder a posterior emisión da obras en webs, redes sociais, TV... Finalmente o alumnado organizará unha gala final de entrega de premios con diferentes categorías que conectará coa celebración e reflexión final sobre o proxecto.	35	10			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Luces	5

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia da cultura galega.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para a construción dos títeres.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.
- Planificación: secuenciación e temporalización.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	Cámaras	20

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións planificadas.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	Acción!	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar a campaña publicitaria e a preparar a gala de presentación.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.</li> <li>- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo de todo o curso levarase a cabo o seguinte proxecto: "Producións Roxy".

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinidade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento.

O proxecto será realizado en grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumna ou alumno adopta un rol concreto e asume tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto.

Na PRIMEIRA AVALIACIÓN, realizarase unha primeira aproximación á realidade do cine como arte e medio de expresión artística, á súa evolución e á importancia na contorna concreta do alumnado. Unha vez se integren estes coñecementos, presentáraselle o proxecto ao alumnado para que, a partir dunhas indicacións básicas, desenhe o plan de traballo, a secuenciación e temporalización deste proxecto ao longo do curso. Por último, os diferentes grupos de traballo cooperativo comezarán xa nesta primeira avaliación a elaborar os guións das respectivas obras.

Na SEGUNDA AVALIACIÓN, os grupos cooperativos rematarán a elaboración dos guións, así como coa selección de música e efectos sonoros, tipos de planos, ángulos e movementos de cámara para a realización das súas curtametraxes. Unha vez rematada esta parte, centrarase o traballo na interpretación e ensaio, uso de cámara, microfoniá... para proceder ao filmado das curtas, contando con todo o equipamento técnico requirido (cámaras, microfoniá, Premiere, etc.). Por último, procederase á edición e montaxe dos vídeos.

Na TERCEIRA AVALIACIÓN, o alumnado desenhará unha campaña de publicidade das obras realizadas en emisoras e redes sociais, para proceder e emisión destas pezas en TV, webs... De xeito paralelo organizarán unha gala de entrega de premios conxuntamente cos compañeiros e compañeiras de 2º ESO que realizan idéntico proxecto. O alumnos e alumnas encargaranse desta tarefa de xeito integral: reserva do espazo, conformación do xurado,

establecemento de categorías, elaboración de guión de presentación, impresión dixital dos premios, decoración da sala, invitacións, ensaios... Toda o proxecto rematará coa celebración desta gala e a reflexión final.

Neste proxecto, trabállanse as todas as competencias clave, contribuíndo interdisciplinarmente as seguintes áreas:

- Lingua Galega (expresión oral e escrita, comprensión da información, redacción de textos...)
- Música (asesoramento na selección de audios musicais e efectos sonoros, e traballo de interpretación de textos.)
- Tecnoloxía e Dixitalización (gravación, edición e montaxe de vídeos, presentación dixital do proxecto, impresión dixital dos premios en 3D)
- Educación Plástica e Visual (deseño do premio da gala de presentación e decoración do auditorio)

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenador.
Vestimentas, maquillaxe para caracterización...
Equipamento de gravación (cámaras, móbiles, tablets...)
Material de Polos Creativos.
Ordenador con software para a edición das curtametraxes.

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na suá distribución para o traballo grupal. As gravacións realizaranse en distintos contextos dependendo do guión. Na última avaliación a representación das obras levarase a cabo no Multiusos do Pinleiral do Crego.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias. Os resultados de dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	50	35	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

### **Criterios de cualificación:**

Entre os procedementos de avaliación:

- PRIMEIRA AVALIACIÓN: Presentación de dossier informativo co plan de traballo. Entrega do guión da curtametraxe.
- SEGUNDA AVALIACIÓN: Entrega das curtametraxes xa montadas e editadas. Elección e presentación do deseño do premio da gala en colaboración co alumnado de 2º ESO que realiza o mesmo proxecto.
- TERCEIRA AVALIACIÓN: Celebración da gala.

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais...

A nota ordinaria en xunzo virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais.

### **Criterios de recuperación:**

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar unha proba escrita, a cal constará de distintas preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

A nota de dita proba representará a nota da avaliación parcial correspondente.

De igual xeito, no caso de que unha alumna/o teña dúas avaliacións suspensas, deberá realizar unha proba escrita final, con preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

## **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Ao alumnado que durante este curso académico esté en terceiro ou cuarto da ESO con esta materia pendente, se lle exixirá o mesmos grao mínimo de consecución que ao alumnado que cursa a materia por primeira vez.

Este alumnado, deberá facer e entregar unha curtametraxe do seguinte modo:

Na primeira avaliación entregará un dossier coa planificación e escolla da temática do proxecto e un esquema do guión da curtametraxe.

Na segunda avaliación entregará o guión completamente elaborado.

Na terceira avaliación presentará o vídeo resultado da montaxe da curtametraxe seguindo o guión.

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos como a realización de tarefas encomendadas, presentación, orde, produto finais, claridade expositiva...

A nota da avaliación ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

Para o alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán desenhadas medidas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráse unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos e alumnas establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.



## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura	X	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia Dixital	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X

### Observacións:

No desenzo de actividades a2 hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educacio2n para a saude, incluída a afectivo-sexual, a formacio2n este2tica, a educacio2n para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperacio2n entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevencio2n e da resolucio2n pacífca de conflitos en todos os a2mbitos da vida persoal, familiar e social, asi2 como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo polí2tico, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista sexa de Estado o de grupos independentes, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideracio2n polas ví2ctimas do terrorismo, e a prevencio2n do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, asi2 como os que supo2nan discriminacio2n por razo2n da orientacio2n sexual ou da identidade de xe2nero.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descricio2n	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Entrevista nalgún medio de comunicacio2n local.	Difusio2n informativa do proxecto.	X		
Emisio2n das curtametraxes nalgún medio local.	Seleccio2n de obras para a súa estrea nunha televisio2n local.			X
Gala de Presentacio2n e Entrega de Premios.	Reco2necemento do traballo realizado e celebracio2n final			X

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

<b>Indicadores de logro</b>
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación á temporalización das unidades didácticas.
Metodoloxía empregada
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación.
Medidas de atención á diversidade
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado.
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades.
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación.
Clima de traballo na aula
Participación activa de todo o alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado.

### Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debeíndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar este seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do profesor, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

## 9. Outros apartados